

Ramón Piñeiro, a Editorial Galaxia e a Real Academia Galega (1950-1962)

Estratexias de resistencia idiomática fronte ao franquismo

HENRIQUE MONTEAGUDO

No presente contributo achegámonos a un nobelo de cuestións vencelladas á singradura pública e intelectual de Ramón Piñeiro durante os anos centrais da ditadura franquista (1950-62), virando o noso foco cara a un aspecto concreto, moi importante, da súa biografía e mais da historia da lingua galega: a 'defensa e ilustración' do idioma do país nuns tempos especialmente árdigos e difíciles. Para tanto, apoiámonos nunha serie de estudos previos, nun feixe de valiosos epistolarios que viñeron a lume en anos recentes, e nun mangado de documentos, uns éditos e outros inéditos. Entre o primeiro tipo de fonte, temos que salientar o ensaio *A xeración Galaxia*, de Francisco Fernández del Riego (1996), o memorial *Da miña acordanza*, de Ramón Piñeiro e Carlos Casares (2002) e nomeadamente a exhaustiva investigación que Xesús Alonso Montero estampou co título *A batalla de Montevideo* (2003). Para un episodio concreto, a relación do autor en aprezo coa Academia a comezos da década dos 60, ofrece unha valiosa información Xosé Ramón Freixeiro Mato no seu estudo *Sebastián Martínez Risco na cultura galega* (1994). Entre o segundo tipo de fontes, a principal é, sen dúbida, a correspondencia de Piñeiro con Fernández del Riego, dada ao prelo por este último (2000). Finalmente, canto ao terceiro tipo, foron de especial utilidade o *Boletín de la Real Academia Gallega* e as actas da propia Academia.

No que vén a seguir non imos entrar no tema do ideario lingüístico do noso autor, pois este foi abordado noutra achega que acaba de vir a lume, e que dalgún xeito pode entenderse como complemento da presente (Monteagudo, 2008). É obvio que a traxectoria histórica da ditadura non se troncou en 1962, ano ao que chegamos neste estudo, mais en 1976; e ademais Ramón Piñeiro seguiu prestando importantes servizos á cultura e a lingua galegas ata o seu pasamento en 1989. Se acoutamos a presente achega ata 1962 é porque estimamos que desde o ano seguinte se abre un

novo ciclo histórico en España (o do primeiro 'aperturismo'), e nese marco a actividade cultural de Piñeiro acada unha dimensión moi distinta á dos anos precedentes. Por sinal, a revista que Piñeiro co-dirixirá e que se vai tornar no órgano principal da expresión cultural en galego das seguintes décadas, GRIAL, comeza a publicarse desde 1963 de xeito regular. Ademais, preferimos deixar toda esta etapa fóra do presente artigo, por mor de non alongalo excesivamente.

A exploración do asunto que presentamos soamente ten carácter preliminar, e non ten a pretensión de ofrecer grandes novidades, como non sexa serializar unha cadea de episodios tratados de xeito máis ou menos disperso en contributos de distinto teor, e pasar a limpo o sucinto borrador dun memorial no cal na columna de débedas figurarán os agravios do franquismo, e na de haberes os méritos de Ramón Piñeiro. Con isto, en primeiro e principal lugar, aspiramos a pór o noso gran de area no combate contra o revisionismo histórico, fronte os negacionistas, tancredistas ou exculpadores que desmenten, escusan ou quitan ferro ao carácter opresivo da ditadura franquista, e moi en particular á represión sobre o galego e sobre as outras linguas e culturas minorizadas de España. Asemade, constatando a fragilidade da memoria histórica e alarmado polo espreitar de relecturas do noso pasado con actitudes sectarias, tendenciosas ou pouco ilustradas, pretendemos refrescar a lembranza dunha das figuras máis dignas, intelectual e moralmente, da Galicia contemporánea, recontando os impagables servizos que prestou a Galicia, ao seu idioma e á súa cultura durante a *longa noite de pedra*.

Primeiras tentativas de uso público do galego durante a ditadura

Como é sabido, a política lingüística e cultural da ditadura franquista inspirábase nun nacionalismo español ferozmente autoritario e ferreamente

Henrique Monteagudo. Profesor de Filoxía Galega na Universidade de Santiago de Compostela. Autor da *Historia social da lingua galega* (1999), secretario do Consello da Cultura Galega e co-director de GRIAL.

uniformista. Isto implicaba non só a imposición do castelán como único idioma da administración e do sistema educativo, mais a exclusión das linguas ‘periféricas’ da expresión pública e un rexo control sobre o seu uso culto. Tal política perseguíuse mediante unha normativa legal claramente restritiva, pero sobre todo mediante a coerción social, alentada e exercida polas autoridades gubernativas, polo partido único franquista (Movimiento Nacional) e polos ideólogos e voceiros do réxime (en particular, a prensa, que ou estaba ao seu servizo ou estaba amordazada pola censura). Esta política viña sumarse aos brutais efectos da represión desatada durante a Guerra Civil, como consecuencia da cal a esmagadora maioría dos individuos e dos grupos máis activos na defensa e promoción dos idiomas minoritarios sufriran un castigo severísimo (asasinatos, cadeas, exilios, incautacións, prohibicións, diversas mutilacións dos dereitos cívicos), que supuxera a súa liquidación efectiva, ao menos dentro de España.

Como compensación, o réxime alentaba a folclorización das linguas e culturas ‘rexionais’, contemplaba o seu cultivo poético (especialmente en certos xéneros de poesía) e toleraba algunhas outras expresións culturais minoritarias. Pola contra, estaban especialmente mal vistos o emprego daquelas linguas nas publicacións periódicas —que por outra parte eran sometidas a controis especialmente severos, no tocante ao seu rexistro legal e á súa circulación— e mais as traducións de linguas estranxeiras directamente ao catalán ou ao galego, polo que supuñan de cuestionamento da superioridade do castelán e de aspiración a un contacto directo das culturas ‘rexionais’ con culturas ‘foráneas’. Dado o desaforado salvaxismo da represión durante a guerra e na inmediata posguerra, para manter o clima de coerción social non era preciso que a política oficial se explicitase arreo e se materializase acotío, abondaba con intervencións puntuais que servi-



Ramón Piñeiro nun retrato de Maside

A política lingüística e cultural da ditadura franquista inspirábase nun nacionalismo español ferozmente autoritario e ferreamente uniformista

sen de recordatorio para esquecedizos e mantivesen a raia aos tan afoutos como improbables disidentes.

Son máis ca abundantes os exemplos concretos do que levamos dito relativos ao idioma galego, pero imos lembrar algúns. Durante a Guerra Civil: clausura, incautación e saqueo da imprenta/editora Nós (o principal vehículo de publicación na lingua do país nas décadas anteriores) despois do asasinato exemplarizante do seu propietario, Ánxel Casal; desaparición do semanario *A Nosa Terra* e da revista *Nós*; clausura e incautación do Seminario de Estudos Galegos e paralización da publicación dos seus *Arquivos*; aniquilación do Partido Galeguista e persecución dos seus principais dirixentes mediante a súa eliminación, encadeamento ou condena ao exilio, as deposicións e as intimidacións. Como consecuencia, na década dos 40 o silenciamento público do galego foi case total.

Contra finais desa década aconteceu un feito que ilustra outra modalidade da represión lingüística. Co gallo da inauguración dun monumento público a Lamas Carvajal na cidade de Ourense, o 11 de novembro de 1949, Otero Pedrayo tivo o atrevemento de pronunciar un discurso público en galego, probablemente o primeiro da posguerra. El mesmo relata nunha carta ao presidente da Academia cal foi a reacción dunha parte do público ante a súa 'ousadía':

A la tarde hablé en gallego ante el nuevo monumento en El Posío. El Gobernador y el Ayuntamiento falangista tascaban el freno. Era de perro de presa con carranca la cara del pretor. Para resarcirse, al final, inoportunamente y con sorpresa de la gente sensata, cantaron *Cara al Sol* [o himno falanxista] y dieron gritos. En fin, todos quedamos en lo nuestro (*apud* Alonso Montero 2003, p. 60).

A partir dese momento, a Otero Pedrayo prohibíselles reiterada e explicitamente o emprego do galego en público, incluso en actos corporativos da Real Academia Galega, con audiencia restrinxida. Entre outros, Xesús Alonso Montero (2003, pp. 56-59) achega documentación sobre o veto gubernativo para o uso do galego nas palestras pronunciadas durante o acto de ingreso na Academia de Manuel Gómez Román, realizado en Vigo o 30 de decembro de 1951.

Piñeiro en Galaxia nos primeiros tempos. Ensaio en galego

É precisamente neste ambiente no que se desenvolven as actividades de defensa e ilustración do idioma que promove ou nas que participa Ramón Piñeiro. Como é sabido, o noso home

estivera preso en Madrid, acusado de actividades políticas contra o réxime, desde abril de 1946 ata xaneiro de 1949. Era, xa que logo, un individuo fortemente sospeitoso para o réxime, as súas autoridades e os seus témeros aparellos represivos. Iso non lle impediu involucrarse de xeito inmediato, aínda que ao comezo fose con discreción, nas iniciativas galeguistas que sixilosamente comezan a xermolar a comezos da década dos 50, orientadas cara ao activismo cultural (vista a extrema dificultade e alto risco que presentaba a acción política clandestina, implacablemente perseguida pola policía política). Esta orientación táctica dos galeguistas baixo o franquismo cara á acción cultural constituía a reedición histórica da mesma táctica que adoptaran os seus devanceiros os nacionalistas da pre-guerra durante a ditadura de Primo de Rivera, unha táctica que, por certo, no seu momento producira uns resultados ben vizosos (entre outros, o Seminario de Estudos Galegos, a revista *Nós* e as coleccións 'Céltiga' e 'Lar').

Unha das características definitorias da acción de Piñeiro durante eses anos, coma en xeral do grupo galeguista de Galaxia, foi o traballo en equipo. Aínda que as achegas individuais non sempre quedaron diluídas no conxunto do traballo, e cada un dos integrantes do grupo mantivo o seu propio perfil intelectual e persoal ben marcado, o groso do labor era concibido, organizado e realizado colectivamente. Sen dúbida, o logro máis relevante foi a fundación da propia Editorial Galaxia (1950), o principal órgano de expresión impresa da cultura galega durante o franquismo. Neste senso, o produto máis significativo de Galaxia foi a revista GRIAL, que primeiro tentou aparecer como colección de aparición máis ou menos periódica (1951-52) e, suspendida polas autoridades (lembramos o dito antes sobre a política restritiva do franquismo verbo das publicacións periódicas), soamente puido reaparecer de xeito ininterrompido desde 1963 (aínda que con carácter obrigadamente bilingüe durante os primeiros anos). De importancia difícil de esaxerar foi tamén a creación da Fundación e Biblioteca Penzol en Vigo (1963), grazas á xenerosidade de Fermín Penzol.

Aínda que Piñeiro non participou na xestión do proxecto de Galaxia, ideado fundamentalmente por Xaime Isla Couto e Francisco Fernández del Riego, axiña se incorporou ao mesmo, para despois xogar un papel protagonista na súa traxectoria desde a súa condición de director literario da editora. Na composición do Consello de Administración de Galaxia, presidido por Ramón Otero Pedrayo e vice-presidido por Manuel Gómez Román (último secretario xeral do Partido Galeguista antes da guerra), e do

equipo directivo (encabezado por Francisco Fernández del Riego e Xaime Isla Couto), quedaba patente o significado de Galaxia como organismo artellador do galeguismo sobrevivente en Galicia, herdeiro da lexitimidade histórica representada polos dous primeiros (por tanto, do propio Partido), e proxectado cara ás novas xeracións, representadas daquela por Piñeiro, del Riego e Isla Couto, entre outros.

De todo o balume de publicacións de Galaxia durante as décadas dos 50 e dos 60, quizais o máis característico, tanto desde o punto de vista cultural coma desde o da historia da lingua galega, sexa a produción ensaística. Naturalmente, GRIAL (colección e revista) constituíu un vehículo privilexiado para este xénero, pero hai que salientar a serie de volumes colectivos dos primeiros tempos (*7 ensayos sobre Rosalía* en 1952, *La saudade* en 1953, *Paisaxe e cultura* en 1955) e mais as monografías e colectáneas individuais de Francisco Fernández del Riego, Ricardo Carballo Calero, Domingo García-Sabell, Celestino Fernández de la Vega ou Juan Rof Carballo, por citar algúns dos nomes máis significativos daquela xeración.

A sinatura de Piñeiro aparece en tres das catro primeiras entregas da colección ‘Grial’ e nos dous primeiros volumes de ensaio devanditos. Concretamente, na estrea da amentada colección —e primeiro título da Editorial Galaxia—, titulada *Presencia de Galicia*, aparece o artigo “O significado metafísico da saudade. Notas para unha filosofía galaico-portuguesa”, que constituirá a súa primeira incursión no ensaio filosófico, e unha das primeiras tentativas de abordar este xénero en lingua galega. Volvería sobre o mesmo tema no volume de ensaios sobre Rosalía de 1952 (“A saudade en Rosalía”) e na colectánea *La saudade* de 1953 (“Pra unha filosofía da saudade”).

Ademais do seu labor á fronte de Galaxia desde 1951 e de GRIAL desde 1963, e das súas achegas ao cultivo do idioma galego no terreo do artigo e do ensaio aparecidas nas décadas dos 50 e dos 60 (escolmadas por el mesmo na colectánea *Olladas no futuro*, de 1974), en que a problemática lingüística recibe unha atención sobranceira, Piñeiro rendeu outros importantes servizos á lingua galega naqueles durísimos anos centrais da *longa noite de pedra*. Vexamos algúns.

A tradución de Heidegger e a suspensión do primeiro GRIAL

Dixemos antes que unha das áreas sensibles canto á difusión impresa dos idiomas minorizados na España franquista era a das traducións de linguas estranxeiras. Nese eido (que a partir de 1963 ía ser especialmente atendido na revista GRIAL)

Unha das características definitorias da acción de Piñeiro durante eses anos, coma en xeral do grupo galeguista de Galaxia, foi o traballo en equipo. Aínda que cada un dos integrantes do grupo mantivo o seu propio perfil intelectual e persoal ben marcado, o groso do labor era concibido, organizado e realizado colectivamente



Ramón Piñeiro (á esquerda) na prisión de Yeseñas (ca. 1948)



Ramón Piñeiro (á esquerda) coa súa dona Isabel e un grupo de amigos no Cebreiro

tamén se internou Piñeiro desde moi cedo, cando, en colaboración con Celestino Fernández de la Vega, verteu do alemán ao galego a antoloxía literaria elaborada polo estudoso Julius Pokorny, tradución que veu a lume baixo o título *Cancioeiro da poesía céltiga* (1952). Máis importante resultou ser outra empresa de tradución, a da conferencia *Da esencia da verdade* do filósofo alemán Martin Heidegger, considerado xa daquela un dos cumes da filosofía europea do século XX. Desta vez, a edición do texto en versión galega atopou coa firme oposición da censura. Houbo que agardar varios anos, ata 1956, para que a obra de Heidegger chegase ao prelo, e iso só despois dunha serie de feitos dos que falaremos a seguir.

Evidentemente, a Piñeiro non se lle escapaba a significación sociolingüística que, naquelas circunstancias, tiña a publicación da tradución ao galego dun texto filosófico en alemán (para máis, non previamente traducido ao castelán). Así llo expresa en carta a Fernández del Riego, en data tan temperá como o 15 de febreiro de 1950: “Temos o proxecto de traducir un texto filosófico ao galego para aniquilar dunha vez a tese insidiosa de Dámaso [Alonso] e outros¹, segundo a cal o galego só serve pra facer poesías ou pra lles falar aos labregos, pero é inepto pra facer ciencia ou filosofía... [este proxecto] responde a unha imprescindible e inapreciable ‘política da lingua’ que debemos levar a cabo con rigor” (*Epistolario*, pp. 36-37; véxase tamén o que di o propio Piñeiro no seu artigo “Heidegger na cultura galega”, publicado en GRIAL 103). Tampouco ás autoridades franquistas —que en 1951 ordenaran o secuestro e condenaran á fogueira toda a edición dunha escolma de poesía alemá contemporánea estampada en Pontevedra baixo o título *Musa alemá*— se lles escapou a significación da empresa de Piñeiro e, como dixemos, denegaron a autorización da publicación da versión galega da conferencia de Martin Heidegger.

É que as primeiras mostras de reanimación do cultivo do galego nos inicios dos anos 50 non pasaban desapercibidas para os vixiantes cérberos do falanxismo. Así, en 1951 Juan Aparicio, un veterano fascista director do diario *Pueblo* de Madrid (editado polo Movimiento Nacional) stampa un furioso alegato nese xornal en forma de carta aberta ao seu vello camarada Raimundo Fernández Cuesta, daquela ministro de Xustiza, unha requisitoria que constitúe un convite aberto á represión contra os galeguistas e outros ‘separatistas’:

En Galicia, algún pedantón traduce la filosofía alemana con ritmo de gaita... El escritor que escribe

en la colección ‘Grial’ de la Editorial Galaxia de Vigo [...] porque el castellano le parece tosco, infiel e inexpressivo, es un escritor que tiene faltas de ortografía en su pluma y en su alma, avergonzándose de que se le vean tales vergüenzas al desnudo. Querido y respetado Raimundo, habría que someterles a una cura psicoanalista o traerles a Madrid por las buenas o por las malas, para que tonifiquen su sistema moral y su sistema nervioso... (citamos *apud* Alonso Montero, 2003, p. 151).

Correspondendo ao seu rigor como custodio das esenciais do réxime, o autor foi nomeado Director Xeral de Prensa poucos días despois da publicación desta denuncia, e, posto no cargo, faltoulle tempo para suspender a Colección ‘Grial’. Galaxia sufría así a amputación dun dos seus órganos máis importantes, un instrumento que estimaba vital para a recuperación do discurso cultural galeguista, e en galego, no medio do escoural franquista.

O papel de Piñeiro na ‘batalla de Montevideo’ (1954)

A ocasión para a resposta dos galeguistas fronte a política represiva do réxime, longamente acarifiada e meticulosamente artellada², presentouse en 1954, co gallo da VIII Asemblea Xeral da UNESCO —un organismo en que o réxime de Franco, moi necesitado de recoñecemento internacional, acababa de conseguir o ingreso. Esa Asemblea celebrouse en Montevideo, e nela viron Piñeiro e o equipo directivo de Galaxia a oportunidade de denunciar, grazas á activa complicidade de militantes antifranquistas da Galicia exiliada e emigrante, os agravios que se viñan inflixindo ao galego e ás outras linguas perseguidas na España franquista. Con tal finalidade, Piñeiro redactou un manifesto, titulado *Denuncia diante a UNESCO da persecución do idioma galego pol-o Estado Español*, que foi editado en folleto acompañando a tradución ao francés e ao inglés, e repartido entre os delegados asistentes á devandita asemblea³. Neste manifesto, coidadosamente cinxido por esixencias da ocasión aos aspectos culturais da represión franquista, denúnciase en primeiro lugar o control abafante do Estado sobre a vida cultural, o carácter totalitario da censura e a arbitraria índole gobernativa (*de facto*) e non legal (*de iure*) das agresións, para pasar a sinalar puntos concretos que atinxen as linguas perseguidas:

1) A prohibición de publicar revistas ou xornais culturais ou informativos nas linguas catalá, galega e vasca, e as restricións para a publicación de artigos ou noticias nestas linguas nos medios de comunicación.



Xuntanza do Consello de Administración de Galaxia, a comezos da década dos 60: Emilio Álvarez Blázquez, Francisco Fernández del Riego, Xaime Isla, Domingo García-Sabell, Ramón Otero Pedrayo e Xesús Ferro Cousoelo

2) A prohibición de empregar a lingua galega nas conferencias e actos culturais —lémbrese o incidente do discurso de Otero Pedrayo cando o ingreso na Academia de Manuel Gómez Román.

3) A prohibición de publicar traducións de linguas modernas ao catalán, ao galego e ao vasco —entre outros, ponse o exemplo do secuestro da edición da *Musa alemá* e a non autorización para a edición da conferencia de Heidegger.

4) A exclusión do galego da práctica docente e da predicación eclesíastica, e a prohibición de falar galego nos seminarios.

5) A inexistencia de estudos de lingua e literatura galegas nos centros educativos de Galicia, incluíndo a Universidade.

4) A clausura e incautación do Seminario de Estudos Galegos e a evitación do uso do galego nas publicacións do centro que oficialmente o suplantou, o Instituto Padre Sarmiento de Estudos Gallegos.

Como consideración final, sinalábase:

Todo pobo ten o indeclinable dereito colectivo a usar o seu propio idioma como ferramenta de cultura. Fronte a isto, nós denunciámos con feitos concretos e indesmentibles que a lingua galega xamais sufriu, durante oito séculos da súa existencia literaria, o grao de abouramento que actualmente padece. Isto sucede cando no mundo existe e funciona a UNESCO. Mais nós non queremos



1 Referíase a unhas declaracións deste lingüista, recollidas no xornal compostelán *La Noche*, en que aseguraba, referíndose ao proxecto de elaboración dun dicionario galego: “Los que formen ese Dicionario tendrán que saber que el gallego es hoy una lengua por un lado rural, y por otro, poética, y nada más; tendrán que escribir ciencia o filosofía en castellano (que lo hacen espléndidamente)” (Alonso Montero, 2003, p. 71).

2 Véxase a carta de Ramón Piñeiro a Rodolfo Prada de 23 de setembro de 1952, e resposta deste de 1 de febreiro de 1953, reproducidas (a primeira en facsimile) por Alonso Montero, 2003, pp. 185-86 e 188-89.

3 O orixinal foi redactado por Piñeiro en castelán; a tradución ao galego, inzada de formas arbitrarias, debeu ser realizada en Arxentina por Rodolfo Prada, tal como asisadamente supón Alonso Montero, estudoso deste episodio, e en quen nos esteamos no que vén a seguir.

que suceda sen que o coñeza a UNESCO. Confiamos en que refugará a complicidade moral do silencio diante de feitos que tan brutalmente contrarían os seus propios fins e ideais.

En consecuencia, solicitábase aos delegados dos distintos países presentes na Asemblea que fixesen patente a súa repulsa fronte “aos métodos brutais que o Estado Español vén aplicando ás linguas galega, catalá e vasca”, engadindo que “aos persoeiros do Estado Hespáñol na UNESCO debe informárselles con toda claridade que o respecto e o amor ao patrimonio cultural da humanidade é a lei ámaga da UNESCO e de que esta lei é incompatible con toda actividade anticultural”. Rubricaban o escrito os Centros Coruñés, Ourensán, Pontevedrés, de Betanzos, de Corcubión e a Irmandade Galega de Buenos Aires.

Os cabezaleiros da delegación española na Asemblea, Joaquín Ruíz Jiménez, ministro de Educación, e Manuel Fraga Iribarne, secretario da delegación, acusaron o golpe. Probablemente apurrido pola denuncia, ao seu regreso a España este último fixo xestións que, entre outras cousas, permitiron a reapertura dunha cátedra de Lingua e Literatura Galegas que viñera languidecendo nos anos anteriores a 1936 na Universidade de Madrid (e que se revelou totalmente inoperante) e desbloquearon a autorización para publicar a tradución de Heidegger (que por fin vén a lume en 1956), e para a edición das *Obras completas* de Curros Enríquez, que se atopaba tamén retida pola censura.

Abrollos do filólogo vocacional:

proxectos para a lingua galega (1956-60)

Precisamente neste ano de 1956, por iniciativa do Consello de Galiza, organismo representativo do exilio en América, celebrouse o Congreso da Emigración Galega en Buenos Aires, coa participación dun número considerable de entidades, especialmente as radicadas na área do Río de la Plata⁴. A este foro presentáronse varios relatorios elaborados en Galicia, entre os cales arestora aqueece salientar o titulado “A defensa do idioma, vencello espiritual de todos os galegos”, que redactou Ramón Piñeiro (de feito, foi incluído no volume *Olladas no futuro*, pp. 95-104), e que apareceu subscribido por Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedrayo, Juan Rof Carballo, Domingo García-Sabell, Celestino Fernández de la Vega, Francisco Fernández del Riego e Xaime Isla Couto. Neste escrito proponse un plan para a elaboración dun gran dicionario galego e para a creación dun Patronato da Lingua Galega que fixese viable ese

proxecto. A pretensión de fondo do relator é “transformar, mediante a defensa do idioma, a unidade sentimental do pobo galego en unidade de acción”, “converter o sentimento común en vontade común, en *obra* común, sería a entrada na nosa maioría de idade como pobo”.

A finalidade deste Patronato, integrado por representantes da emigración e da Galicia metropolitana, sería “artellar a adecuación entre os medios económicos e mailos medios técnicos que se precisan”. Se a proposta do tal Patronato non está moi concretada, en troques o plan de traballo para a elaboración do dicionario atópase bastante definido. Os materiais que integrarían ese dicionario procederían de dúas fontes: as histórico-literarias e a lingua falada. Debería comezarse pola publicación concienzuda dos materiais lexicográficos, nunha serie ordenada de diversos tipos de traballos: a) documentos medievais, que aparecerían nunha escolma de varios volumes, b) obras literarias, especialmente medievais, c) vocabularios elaborados por distintos estudosos desde o século XVIII (Sarmiento, Sobreira, Pintos, Leiras Pulpeiro etc.), e incluíndo o de Eladio Rodríguez “que constitúe unha verdadeira enciclopedia da vida galega”. Canto á lingua falada, era urxente a recolla do vocabulario mariñeiro, agrícola-gandeiro e vinícola, con monografías representativas das distintas bisbarras galegas; non se debía esquecer o riquísimo tesouro paremiolóxico aínda vivo nos beizos do pobo.

A verdade é que este plan de Piñeiro para o dicionario vén concretar as inquedanzas neste terreo que se viña manifestando reiteradamente nos medios galeguistas desde a fundación de Galaxia. Así, nunha carta de 1950 a Del Riego, o noso autor xa se pronunciara (manifestando as súas razoables reservas) ante a proposta de reeditar o dicionario de Marcial Valladares (*Epistolario*, pp. 45-46), dous anos despois refírese á actitude do patricio da emigración arxentina Manuel Puente —que viña dando apoio financeiro ao gran proxecto dunha Historia de Galiza— sobre o dicionario (*Epistolario*, p. 62), e outras alusións do mesmo ano aos de América apuntan a xestións para recadar fondos entre os emigrantes afortunados cara á edición do tal dicionario (p. 71). Ao tempo, neses anos Piñeiro e Del Riego tratan na súa correspondencia de asuntos tales como a posible redacción dun manual sobre o idioma para o Centro Gallego de Buenos Aires (1950, pp. 47-48), dun proxecto de organización dun ‘Seminarío de Filoloxía’, enviado por Cabanillas, ao parecer por proposta de Isidoro Millán (1952, pp. 62-63), da necesidade de impulsar unha campaña de prestixiamento do idioma (1952, p. 63) e, posteriormente, da prevista publicación dun dicionario de Aquilino Iglesia Alvariño, por Bibliófilos

Gallegos (1957, pp. 126-27) que, por certo, nunca veu a lume.

Canto á edición de material lexicográfico de carácter histórico, é de salientar o empeño na edición do *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, un dos escritos de asunto idiomático máis amplos e interesantes de Martín Sarmiento (véxase Fernández Del Riego 1996, p. 51). Polas noticias estradas aquí e alá na correspondencia entre Piñeiro e del Riego, sabemos que para a edición do devandito texto se contaba cun prólogo do filólogo xermano-luso Joseph Piel (1952, *Epistolario*, p. 72), e tamén nos informamos da marcha dos traballos preparatorios do profesor Isidoro Millán (1953, pp. 83, 85, 88). En 1956, Piñeiro asegura: “Xa teño aquí parte do *Onomástico*. Onte estiven falando con Isidoro [Millán]. Agora quer que fagamos a cousa entre os dous. Traballou enormemente, pois ten a obra completamente anotada coas correccións dos distintos manuscritos” (p. 115). Incluso en 1958, Piñeiro asegura que xa ten nas mans a “copia definitiva” do traballo de Millán (p. 139). Ignoramos as razóns de que a obra non chegase a vir a lume, e cal é o paradoiro actual deses materiais.

Á vista de que o proxecto do dicionario, tal como o concibía Piñeiro, esixía moito labor previo (edición de textos, investigación lexicográfica sobre o terreo...), desde moi pronto o equipo de Galaxia viña matinando na conveniencia de dar ao prelo o moi notable balume de materiais lexicográficos axuntados nun gran *Diccionario gallego-castellano*, un manuscrito que levara décadas redactando e deixara practicamente preparado para a estampa Eladio Rodríguez González, finado en 1949. O fillo deste, Julio Rodríguez Yordi (quen ingresou como membro numerario da Real Academia Galega en 1955 e que sería un dos asinantes da candidatura de Piñeiro) cedeu estes materiais a Galaxia con vistas á súa edición. Trátase, sen ningunha dúbida, da máis importante e valiosa achega individual á lexicografía galega. Unha das consecuencias máis relevantes do chamamento de Piñeiro ao Congreso da Emigración Galega e as xestións subsecuentes, foi conseguir que a Casa Galicia de Caracas se ofrecese a financiar a edición daquela obra, que veu a lume co título de *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, en tres volumes aparecidos en 1958, 1960 e 1961, precedidos dun fermosísimo prólogo de Ramón Otero Pedrayo.

O manuscrito foi arranzado para a impresión por un grupo de colaboradores de Galaxia, con Ramón Piñeiro á fronte: o traballo non consistiu nun simple mecanografado, senón que implicou unha revisión bastante fonda da obra, con vistas a alixeirala (véxase sobre isto Álvarez de la Granja e González Seoane, 2001). Tamén se decidiu



En 1956, por iniciativa do Consello de Galiza, celebrouse o Congreso da Emigración Galega en Buenos Aires. A este foro presentouse o relatorio “A defensa do idioma, vencello espiritual de todos os galegos”, redactado por Ramón Piñeiro. Neste escrito propónse un plan para a elaboración dun gran dicionario galego e para a creación dun Patronato da Lingua Galega

4 As actas deste Congreso, publicadas en 1956, foron reimpresas polo Consello da Cultura Galega en 2006. Sobre o propio Congreso, véxase nesta segunda publicación o estudo introdutorio de M. Fernández Santiago (2006).

amecerlle dous apéndices, un de voces galegas recollidas por un feixe de amadores e estudosos (desde Uxío Novoneyra a Ánxel Fole, pasando por Domingo García-Sabell, Aníbal Otero ou Xosé Luís Franco Grande, e incluíndo o propio Piñeiro), e un breve vocabulario galego-castelán. O primeiro apéndice foi organizado e arranxado por Xosé Luís Méndez Ferrín e Bernardino Graña, daquela dous dos valores máis prometedores das letras galegas.

A historia do arranxo editorial do *Diccionario* de Eladio Rodríguez aínda está por escribir, pero na correspondencia de Piñeiro con Del Riego recóllese algúns dos seus episodios: o deseño dunha páxina modelo (1953, p. 84), o empeño en facer realidade o proxecto (“o Diccionario temos que o sacar adiante, seña como seña. Servirá de boa base pra desenrolar unha colección lingüística e filolóxica”, escribe Piñeiro en 1953, p. 84), a inminencia da impresión do primeiro fascículo (1957, p. 124), a aparición do primeiro prego impreso (1958, p. 137). Sería do maior interese recuperar o proceso de xestación e realización deste proxecto na súa integridade, entre outras razóns para colocar nun merecido lugar de honra na historia do idioma galego aos padroeiros da emigración venezolana que sufragaron a edición. O que si parece claro é que Piñeiro dedicou moito do seu tempo a ese labor, como testemuña tamén o seu epistolario con Ramón Lorenzo (1989, p. 136). Nunha misiva a este, comentando a saída do terceiro volume, afirma:

Xa saíu o terceiro tomo do diccionario de don Eladio. Parece que non, pero representa un gran esforzo editorial o telo sacado adiante. Dentro do seu carácter máis ben enciclopédico, é innegable que enche unha lagoa na nosa cultura, porque non tiñamos ningún. Ademais, o seu caudal léxico, paremiolóxico e informativo fai del unha obra certamente útil. Non temos outro mellor. O que agora cómpre é que nos dispoñamos sistematicamente a preparar o gran diccionario científico do galego (30 de marzo, 1962).

A Real Academia Galega na posguerra: a estratexia de Galaxia

Des que Manuel Lugo Freire tivera que deixar a presidencia da Real Academia Galega en 1935 por razóns de saúde, a crise de obsolescencia en que esta corporación levaba mergullada desde tempo atrás non fixo máis que agudizarse. Naturalmente, a Guerra Civil supuxo a súa total paralización, de maneira que ao seu remate a Academia se atopaba desartellada: a Presidencia quedara vouga en 1935, a Secretaría en 1937 e a Tesouraría en 1938; de modo e maneira que a

corporación viña sendo rexida por unha xunta de goberno provisoria que estivo en funcións ata 1942. A comezos de 1939 había soamente dezaseis académicos de número, o que quere dicir que máis da metade das cadeiras (concretamente, vinte e catro) ficaban baldeiras. Varios deses académicos vivos, coma o propio Lugo, estaban practicamente inactivos por razóns de idade ou de saúde; sobrevivían nada menos que oito académicos fundadores (seis dos cales faleceron entre 1940 e 1947) e algún outro, como Castelao, tiña vedado o regreso ao país por razóns políticas.


A pouco de rematada a guerra, o 22 de abril de 1939 procedeuse, nunha única sesión extraordinaria, a realizar o acto de ingreso de seis novos académicos numerarios (aínda que cómpre advertir que as súas candidaturas foran aprobadas anos antes de iniciada a contenda), entre os cales o arquivista e paleógrafo J. Domingos Fontenla (1939-42) e o mestre e poeta A. Noriega Varela (1939-49). De alí a pouco, a comezos de 1940, ingresaba o vate en castelán Antonio Rey Soto (1940-66). Tendo en conta o exilio forzoso de Castelao e os pasamentos de Manuel Lugo, Marcelo Macías e algún outro académico naqueles anos, a comezos de 1941 a Real Academia Galega contaba novamente con menos da metade dos seus efectivos. Nestas circunstancias, que puñan en risco a continuidade mesma da institución, tomouse a decisión extrema de realizar unha incorporación masiva de novos numerarios, ingreso que se efectuou nunha única sesión celebrada o 27 de xullo de 1941. Nesa data entraron simultaneamente quince novos académicos, entre os cales o paleógrafo Atanasio López Fernández (1941-44), o pedagogo Antonio Couceiro Freijomil (1941-45), o prehistoriador Florentino López Cuevillas (1941-58), o poeta Gonzalo López Abente (1941-63), o erudito e escritor Fermín Bouza-Brey (1941-73), e o polígrafo Xosé Filgueira Valverde (1941-96).

A vulgar polos asinantes das candidaturas de académicos recentemente ingresados, os grandes impulsores desta operación, que de feito viña constituír unha refundación da corporación, foron Manuel Casás Fernández, Alejandro Barreiro Noya e Ángel del Castillo. Así foi que en 1942 estes pasaron a ocupar a Xunta Directiva: o primeiro sería electo Presidente (cargo que ocupou ata 1960), o segundo Secretario (no cargo ata 1948) e o terceiro Tesoureiro (ata 1951). Significativamente, Ramón Cabanillas non apareceu asinando ningunha das devanditas candidaturas, e Ramón Otero Pedrayo unicamente rubricou a do seu coterráneo, amigo e compañeiro de xeración Florentino López Cuevillas⁵.

Aínda que na Academia figuraban un grupo bastante nutrido de representantes do galeguismo de preguerra, moi poucos deles (tal Cabanillas e Otero Pedrayo) formaban parte do núcleo 'duro' que permanecera leal despois das tensións divisivas provocadas pola incorporación do Partido Galeguista ao Frente Popular en 1935 e, sobre todo, após o esbandallamento provocado polo golpe de estado militar-falanxista e a consecuente guerra civil. Só algúns se podían considerar máis ou menos próximos a estes (López Cuevillas, Banet Fontenla e quizais Eladio Rodríguez e López Abente), mentres que uns cantos máis (como Couceiro Freijomil ou Filgueira Valverde) se aliñaran publicamente —con diversos graos de adhesión ou entusiasmo íntimos— co novo réxime. Doutra banda, chama poderosamente a atención o peso do elemento clerical nas novas incorporacións, moi acorde coa abrumadora preminencia do que despois se deu en chamar nacional-catolicismo na Galicia da inmediata posguerra: sete novos académicos eran cregos ou frades (Atanasio López, Samuel Eiján, Aureliano Pardo, Ramón María Aller, Paulino Pedret, Jesús Carro e Salustiano Portela).

Malia que se poden sinalar precedentes (como o ingreso de Leandro Carré Alvarellos en 1945, de Victoriano Taibo en 1948 e o de Aquilino Iglesia Alvariño en 1949), a incorporación da *inteligentzia* galeguista, en particular a menos afectada ao franquismo, experimenta un pulo perceptible (pero paseniño) a partir de 1951, ano en que ingresan na Academia Manuel Gómez Román (1951-64), Xesús Ferro Couselo (1951-75), Xaquín Lorenzo Fernández (1951-89) e Antón Iglesias Vilarelle (1951-71). En 1953 accede á Academia Sebastián Martínez Risco, que sería elixido presidente ao pasamento de Casás, en 1960. Varios dos devanditos estaban involucrados no proxecto da Editorial Galaxia desde a súa botadura en 1950: Gómez Román foi o primeiro vicepresidente do Consello de Administración da editorial (presidido por Otero Pedrayo), e Martínez Risco e mais Ferro Couselo eran vogais dese mesmo Consello.

Outros intelectuais pertencentes ou próximos ao grupo Galaxia foron incorporándose nos finais da década dos cincuenta e comezos da década dos sesenta: o primeiro foi Ricardo Carballo Calero (1958-90), seguido por Domingo García-Sabell (1959-2003), Fernández del Riego (1960), Ánxel Fole (1963-86), Álvaro Cunqueiro (1963-81) e Xosé María Álvarez Blázquez (1964-85). Será pertinente notar que Otero Pedrayo subscribiu as candidaturas dos tres primeiros e mais a de Cunqueiro. O último desa endeita foi, precisamente, Ramón Piñeiro (1967-88). Parece claro, pois, que



5 Esta información pode obterse en parte no propio *Boletín de la Real Academia*, tomo XXII (1942), e en parte no sitio web oficial da corporación.

o grupo Galaxia manifestou interese pola Academia como parte da súa estratexia de resistencia contra o ferreño control franquista verbo das escasas, precarias e esmaceladas institucións culturais do país. Este interese queda patente na correspondencia entre Piñeiro e Del Riego, coma tal: seguimento das candidaturas de Carballo (1957, pp. 120-22, 125), García-Sabell (1958, p. 142 e 147), o propio Del Riego (1958, p. 147; 1960, p. 174, 179), Cunqueiro (1960, p. 174; 1961, p. 185), Fole (1961, p. 183, 194), e Álvarez Blázquez (1961, p. 186).

O espírito de equipo con que os integrantes do grupo Galaxia encaraban o seu labor queda de manifesto nunha carta en que Ramón Piñeiro trata de convencer a Francisco del Riego para que acepte que presenten a súa candidatura: “Agora tocouche a ti o seres instrumento da próxima batalla. O mesmo lle puido tocar a outro” (1958, p. 147). Exactamente ese é o espírito con que Ricardo Carballo respondera por correo á felicitación do segundo: “Moitas gracias pola túa fraternal felicitación con motivo da miña designación como numerario da Academia. Foi eleito un de nós. Esa é a única significación do feito” (1957; Carballo, *Epistolario*, p. 198).

Piñeiro e a Real Academia Galega antes do seu ingreso: o código da escrita

A verdade é que, malia a infusión de sangue nova que supuxo a incorporación, entre outros, dos devanditos académicos, a vida da Academia continuou o seu transcurso languidecente, ao menos durante a década dos sesenta, ata o punto de que o *Boletín* corporativo deixou de aparecer entre abril de 1961 e decembro de 1968. Unha das tarefas máis relevantes que tiña asignadas, das que o público esperaba máis e na cal a súa acción viña sendo francamente deficitaria desde sempre (a pesar de figurar entre os seus obxectivos fundacionais), era a da regulación idiomática. Á parte dun moi ansiado dicionario, a necesidade máis sentida neste terreo era a dunha gramática normativa e unhas normas ortográficas (adoito se entendía que estas eran parte daquela) que servisen de guía aos usuarios do galego escrito, completamente desorientados e necesitados de vez dunhas mínimas pautas. Certo é que a inqueda por este asunto viña sendo máis ou menos recorrente, e que non fallaban nin as iniciativas nin a boa vontade, pero dar pasos concretos un pouco firmes revelouse un desafío verdadeiramente complicado. Imos fixarnos brevemente neste punto precisamente porque, como veremos, a Piñeiro lle preocupou dun xeito moi especial.

Cinxíndonos á Academia da posguerra, os primeiros precedentes relativos á gramática de que temos noticia espreatan cando Leandro Carré

Alvarellos, autor dun ben fornido e dabondo exitoso *Diccionario galego-castelán*, publicado xa antes da guerra⁶, presenta unha proposta para que se constituía unha comisión dentro da Academia coa finalidade de que informe da utilidade do manual que el mesmo tiña redactado (*Libro de actas*, Arquivo da RAG, xuntanza do 3-IV-1955). Destarte, Paulino Pedret Casado, Sebastián Martínez Risco, Otero Pedrayo, Fermín Bouza-Brey e Xosé Filgueira Valverde son convocados para redactar un ditame sobre a cuestión, ditame que, caracteristicamente, non resulta concluínte, de maneira que a decisión sobre o asunto queda en suspenso.

Doutra banda, Sebastián Martínez Risco, que logo do pasamento de Manuel Casás foi elixido para a Presidencia da Academia (1960), tiña este asunto entre os seus obxectivos prioritarios, tal como se recolle nunha declaración pública de 1961:

Si se atiende al factor de la urgencia y a la importancia que debe concederse al conocimiento y fijación del idioma gallego, considero de publicación preferente los textos lingüísticos abreviados, pero de absoluto rigor científico, tales como una gramática, una antología, un vocabulario. Este es el criterio que ha determinado el acuerdo adoptado por la Real Academia Gallega de proceder a su redacción, que ya está en marcha, y a su edición (*apud* Freixeiro Mato 1994, p. 158).

Efectivamente, en febreiro de 1961 constituíuse unha comisión académica para abordar as ditas tarefas, inicialmente composta polos seguintes membros: Vicente Risco, Fermín Bouza-Brey, Xosé Filgueira Valverde, Victoriano Taibo (que renunciou axiña, alegando incompetencia), Aquilino Iglesia Alvariño, Enrique Chao Espiña, Ricardo Carballo Calero, Abelardo Moralejo Laso e Manuel Rabanal Álvarez —estes dous últimos, aínda que non eran numerarios da Academia, foron designados na súa cualidade de lingüistas ‘profesionais’, como catedráticos universitarios de Filoloxía. Dentro desta comisión constituíuse unha subcomisión formada por Iglesia Alvariño, Filgueira, Moralejo e Rabanal, co encargo específico de elaborar un relatorio de base para a gramática. Dado que o primeiro faleceu poucos meses máis tarde (en agosto do mesmo ano 1961), incorporouse á Comisión no seu lugar Ramón Piñeiro, a pesar de que aínda non era académico numerario.

As divisións de opinión no seo da comisión non tardaron en aflorar: algúns dos seus membros (como Chao Espiña e Bouza-Brey) coidaban que a misión era urxente e había que abordala de xeito inmediato, mentres que a outros (como

Rabanal e Piñeiro) lles parecía que o asunto requiría reflexión e estudo. Chao Espiña expresábase así:

Unha Academia ¡sen Gramática!... Unha lingua que fica nos beizos das xentes, lingua que cada un fala como quer... Os gramáticos non fixeron a lingua pero son eles os que teñen que facer a ciencia da linguaxe, teñen que coidar que vaia por onde debe, evitando unha anarquía, mesmo dos que falan e son analfabetos. No pobo está a canteira, os académicos temos que ser os artistas desa canteira. Dá vergoña que Galiza estea no século XX sen Gramática (*apud* Freixeiro Mato 1994, p. 173).

De todos os xeitos, ao pouco tempo Moralejo e Rabanal desmarcáronse do labor, alegando (segundo carta do primeiro ao Presidente da Academia que consta no arquivo da RAG) que

se trata de un traballo que ha de ser realizado principalmente por gallegos que sientan a lingua desde dentro, cosa que nosotros no podemos sentir. Nuestra labor podría ser complementaria en ciertos puntos, de explicación, selección, etc., pero puestos a elaborar una obra tal, tendríamos que atenernos a los modelos precedentes.

Pola súa parte, Piñeiro tíñase declarado sobre este punto dun xeito indirecto nunha interesante nota sobre os criterios lingüísticos que acompañaba a tradución do *Cancioeiro da poesía céltiga* de J. Pokorny, que viñera a lume en 1952⁷:

O galego é unha lingua oral que aínda non acadou unha fixación literaria plena. A primeira etapa da súa conversión en lingua de cultura superior debe consistir na escolma daquela parte do seu vocabulario que, entremedias da riqueza de variantes propia das linguas de vida exclusivamente oral, teña posibilidades dunha meirande dignidade literaria, procurando debullalo da codia do ruralismo vulgar. Entendemos que a nosa evolución lingüística aínda non pasou desta etapa de escolma a unha etapa, necesariamente posterior, de unificación.

Á vista disto, non é de estrañar que en 1962 o noso autor expresase un punto de vista moi diferente ao de Chao Espiña, tal como lle expón en carta a Martínez Risco:

Confésosche que me alarma unha miga esa facilidade con que a Academia simplificou tan complexo e delicado problema, sen dúbida movida dos mellores e máis nobres desexos, pero, evidendemente, con conciencia pouco clara da súa verdadeira responsabilidade idiomática. Deixouse levar polo aguillón das urxencias sen meditar sobre as verda-



Retrato de Ramón Piñeiro por Luís Seoane

6 A primeira edición, en dous volumes, é de 1928-31, a segunda, nun volume e xa titulado *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego*, é de 1933. En 1951 aparecería a terceira edición, a cuarta en 1972 e chegaría a unha quinta en 1979.

7 Como se sabe, asinan a tradución Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega, pero é obvio que o responsable da versión ao galego é o primeiro. Que os criterios lingüísticos aplicados nese traballo eran dabondo meditados demostrao a carta (datada o 3-VII-1952) que Piñeiro envía en resposta a unha consulta que lle fixeran sobre o texto dunha versión do *Ordinario da Misa*, onde se pronuncia de xeito concreto sobre unha serie de puntos de idioma e ortografía (reproducción facsimilar en López Muñoz, 189, 219).

deiras posibilidades. E a Academia non debe, non pode dar un paso en falso no problema idiomático. Estamos nun semi-caos lingüístico. Para saírmos del necesitamos da autoridade normativa da Academia. Iso obrígalle a proceder con moito tino e coa meirande responsabilidade. Pensar que no estado actual dos nosos coñecementos lingüísticos pode a Academia publicar a gramática *académica* do galego é bastante alarmante para quen teña consciencia da nosa realidade idiomática e dos seus intrincados, múltiples e delicados problemas (*apud* Freixeiro Mato 1994, pp. 171-72).

Doutra banda, nesa mesma comunicación Piñeiro comprométese a presentar un informe ‘claro e preciso’, cun plan positivo (consultado cos ‘técnicos’, isto é, filólogos profesionais como Moralejo e Rabanal) “para que a Academia poida levar a cabo, con realismo e eficacia, a súa elevada misión neste terreo”, pois considera que “de toda a actividade da Academia”, “*a responsabilidade idiomática*” é “*a que máis me preocupa e interesa*” [cursiva nosa]. Esta última afirmación é especialmente reveladora, en canto serve para alumar a elección do tema da súa palestra de ingreso e mais a súa implicación na cuestión en aprezco.

Non coñecemos a literalidade deste informe, pero sabemos que foi efectivamente elaborado e temos idea do seu contido, grazas a unha carta de Martínez Risco a Antón Fraguas (xaneiro de 1962). Segundo se le nesta, o noso autor propuña abordar o problema en tres fases: 1) estudo dos feitos lingüísticos, isto é, “da multiplicidade polimórfica do galego”; 2) unificación selectiva; 3) redacción da gramática. A primeira tarefa debía ser encomendada aos lingüistas, as outras dúas recaerían na Academia. O informe, que tivo como principal valedor dentro da corporación a García-Sabell, causou impresión nos académicos, como suxire a lectura do seu libro de actas (xuntanzas de 24 de xuño, o 20 de outubro e o 12 de decembro de 1962), unha impresión que confirma a propia correspondencia de Piñeiro⁸. A posición deste, que se dunha banda resultaba moi asisada, doutra banda implicaba aprazar *sine die* a tarefa, acabou prevalecendo, e a Academia postergou a decisión (Freixeiro Mato 1994, p. 174). Leandro Carré, que sorprendentemente non fora designado para a comisión, talvez desesperando de conseguir que a RAG adoptase como propia ou dese algún tipo de respaldo oficial á súa gramática —e probablemente aguilloado pola publicación da *Gramática elemental del gallego común* (1966) que R. Carballo compuxera por encargo de Galaxia—, daría o ao prelo a súa *Gramática gallega* en 1967.

Á derradeira, a Real Academia Galega non tería máis remedio que abordar a tarefa de fixación dunha normativa idiomática elemental, cada

vez máis necesaria desque no curso 1965-66, da man de R. Carballo, comezara a ensinárselle lingua e Literatura galegas na Universidade de Santiago de Compostela, e practicamente imprescindible unha vez que a Ley General de Educación aprobada polas Cortes franquistas (1970) contemplaba (con extremas cautelas) a posibilidade de aprendizaje das ‘linguas vernáculos’ nos establecementos educativos. Piñeiro impulsou e participou activamente neste proceso, que culminaría coa publicación en 1971 das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*⁹.

Nesta cuestión, coma na súa propia práctica idiomática como escritor en galego (desde a propia edición do *Cancioneiro da poesía céltica*), Piñeiro sitúase decididamente na corrente central do cultivo e elaboración do galego que se desenvolveu ao longo do século XX. En coherencia con isto, no terreo da ortografía propugnou a racionalización e a simplificación pero tamén a flexibilidade, mostrouse moi prudente e gradualista á hora de abordar a tarefa da codificación normativa (a ‘unificación gramatical’, nos termos da época), e en xeral optou por un moderado reformismo. A súa práctica idiomática, apoiada nun criterio moi apurado e nun coñecemento a fondo do idioma, réxese por un acrisolado purismo e un temperado diferencialismo fronte ao castelán, con resultados sinxelamente barís.

O galego escrito de Piñeiro estése nunha combinación coidadosa (e ao tempo un tanto ecléctica) de exhebrismo e de cultismo, na procura de autenticidade idiomática e ao tempo da elevación propia do rexistro cultivado, á distancia xusta verbo do falar coloquial e ordinario. O seu exhebrismo nítrese dun sólido coñecemento do vizoso peculio das falas populares e da ricaz tradición literaria galega; mentres que o seu cultismo se estea nunha apertura sen complexos cara ao léxico portugués. Todas as devanditas achegas son rigorosamente peneiradas, co que se evita unha simple mestura ou unha xustaposición meramente acumulativa de recursos. Pola contra, o resultado é unha escrita clara e sinxela, apta para a comunicación directa de ideas, mais ao tempo elegante e saborosa, capaz de transmitir matices subxectivos e vibracións emocionais¹⁰.

Sobre o seu ideal de lingua literaria e sobre as relacións entre galego, portugués e brasileiro, Piñeiro expresárase coa máxima claridade na “Carta a don Manuel Rodrigues Lapa”, texto publicado primeiro en GRIAL (nº 42, 1973), e despois incluído no volume *Olladas no futuro* (1974). A pesar do interese que ofrecen, deixaremos estes temas no tinteiro, pois non aquecen á presente oportunidade.

Cabo

Nun rápido sumario de canto levamos dito, constatamos que o labor de Piñeiro no tocante ao idioma galego naqueles anos desenvolveuse nos seguintes planos: a) o seu fomento e cultivo, a través fundamentalmente da Editorial Galaxia (da que era director literario), e das traducións que realizou en colaboración con C. Fernández de la Vega (*Cancioeiro da poesía céltica*, 1952, e *Da esencia da verdade*, 1956); b) a defensa do seu uso na vida pública e cultural, tanto nos seus artigos canto na denuncia da represión franquista perante a Asemblea da UNESCO (1954); c) as propostas para o seu estudo, codificación e elaboración —simplificación gráfica operada nas súas propias traducións e nas edicións de Galaxia, plans referentes á edición de traballos cara á constitución dunha filoloxía galega, intervención nos debates da Academia de 1961-62, traballo editorial sobre o *Diccionario gallego-castellano* de Eladio Rodríguez publicado en 1959-62—. O balance é realmente impresionante, e case sen parangón naqueles anos.

Deixamos dito ao comezo da presente achega e acabamos de sinalar nos parágrafos anteriores que a folla de servizos de Ramón Piñeiro, con atoparse ben fornida á altura de 1962, iríase cubrindo a partir desta data de méritos aínda máis relevantes, ora en Galaxia, ora na Academia, ora noutros ámbitos. Só por referirnos ao terreo lingüístico, nos anos posteriores viría o ingreso na Real Academia Galega e a publicación do maxistral ensaio *A lingoaxe i as lingoas* (1967), a súa participación na elaboración das primeiras *Normas ortográficas e morfolóxicas* aprobadas pola RAG (1969-71, véxase GRIAL 171), os seus debates con Manuel Rodríguez Lapa sobre a identidade do galego (1973), a publicación da colectánea ensaística *Olladas no futuro* (1974), a súa nova participación nas *Normas* da RAG (1982), e o pulo á creación do Consello da Cultura Galega (1983) entre outras moitas realizacións. Pero estoutras actividades, enmarcadas no último franquismo, no proceso de transición democrática e no comezos da democracia e da autonomía, son merecentes de novas aproximacións, que deben ser abordadas no futuro inmediato ■

Bibliografía

- Alonso Montero, X. (2003): *A batalla de Montevideo. Os agravios lingüísticos denunciados na UNESCO en 1954*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Alonso Pintos, Serafin (2006): *O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980)*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.
- Álvarez de la Granja, M. e González Seoane, E. (2001): "A elaboración do *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*", en *Día das Letras Galegas 2001*. Eladio Rodríguez González, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela; pp. 25-73.
- Barreiro Noya, A. (1942): "Al entrar en un nuevo período. Resumen de una gestión", en *Boletín de la Real Academia Gallega XXII* (1942), pp. 313-20.
- Carballo Calero, R. (2006): *Epistolario a Fernández del Riego*. Vigo, Galaxia.
- Fernández del Riego, F. (1996): *A xeración Galaxia*. Vigo, Galaxia.
- Fernández del Riego, F. (2000): *Un epistolario de Ramón Piñeiro*. Vigo, Galaxia.
- Fernández Santiago, M. (2006): "Introdución" a *Primeiro Congreso da Emigración Galega (1956)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Arquivo da Emigración Galega, VII- XIII.
- Freixeiro Mato, X. R. (1994): *Sebastián Martínez Risco na cultura galega*. A Coruña, Laiovento.
- López Muñoz, D. (1989): *O idioma da Igrexa en Galicia*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- Lorenzo, R. (1991): "Filólogo de vocación", en *Homenaxe a Ramón Piñeiro*, A Coruña, Galicia Editorial; pp. 127-41.
- Monteagudo, H. (2003): "Sobre a norma léxica do galego culto da prosa ficcional de Nós ao ensaio de Galaxia", en M. Álvarez de la Granja e E. González Seoane: *A estandarización do léxico*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 197-253.
- Monteagudo, H. (2008): "Limiar" a R. Piñeiro, *A lingoaxe e as lingoas*. Vigo, Galaxia.
- Piñeiro, R. (1989): "Heidegger na cultura galega", *Grial* 103, pp. 384-389.
- Piñeiro, R. (2002): *Da miña acordanza. Memorias*. Vigo, Editorial Galaxia / Fundación Caixa Galicia.
- Piñeiro, R. (2006): "Cartas de Ramón Piñeiro a Basilio Losada, 1970-71. Sobre a normativa da lingua, a creación do ILG e a Academia", *Grial* 171, pp. 57-69.
- "Sesión extraordinaria. Acta de la sesión celebrada por la Real Academia Gallega en el Paraninfo de la Universidad de Santiago el 27 de Julio de 1941", en *Boletín de la Real Academia Gallega XXII* (1942), pp. 320-26.

8 Véxase, por exemplo, as cartas a Ramón Lorenzo de febreiro a abril do mesmo ano, citadas en Lorenzo 1989, pp. 138-39.

9 Véxase sobre isto o estudo de Alonso Pintos 2006, pp. 182-191, e as cartas do propio Piñeiro estampadas en *Grial* 171 (2006), pp. 57-69.

10 Para unha análise demorada deste aspecto remitimos ao noso propio contributo: Monteagudo 2003.